

ACTA DO MÉRCORES 10 DE ABRIL DE 2007

0. Orde do día

1. Aprobación da acta anterior

2. Coordinadora

3. Comisións

3.1 Asesoría xurídica

3.2 Comisión de marketing

3.3 Comisión de Bolonha

3.4 Comisión de Formación

3.5 Comisión cultural

Modificación da orde do día e engádese este punto:

4. Eleccións

5. Varios

1. Aprobación da acta anterior:

Apróbase a acta.

2. Coordinadora

- Proposta de marcha da coordinadora e futura creación dunha nova con máis transparencia e creación dun grupo mixto onde participaría xente que non ten assembleas na súa facultade ademais das assembleas xa constituídas.

Votos a favor da marcha da coordinadora: 9

Votos en contra: 1

Abstencións: 1

Apróbase a marcha da coordinadora

- Ábrese o debate de cómo marchar da coordinadora. Propostas:

- Ir á coordinadora todo o grupo da assemblea de ciencias políticas en masa
- Levar dous voceiros, como se fixo ata agora
- Facer dobre estrategia: se somos bastantes, ir todos; se somos poucos ir soamente dous voceiros.

- Aprobación da dobre estratexia por unanimidade, escollendo a Ricardo e Dani Baz como voceiros.
- Creación dun escrito por parte dos voceiros, onde se exprese o malestar do grupo.

3. Comisións:

Comisión xurídica:

- Aprobación do envío dunhas cartas satíricas aos profesores que incumpriron as tres datas obrigatorias para a revisión de exames, deixándoas nos seus casilleiros.
- Sinaturas recollidas na facultade para a ampliación de asignaturas optativas e melloras na facultade, entre outros puntos: 130
- É unha cifra considerable, pero menor da de principios de curso
- As propostas das eleccións do curso 2006/07 cumpríronse nun 75%.
Proposta de debater na asemblea a quenda de tarde
- Abriuse un debate dos factores negativos da ausencia do turno de tarde no primeiro ciclo, xa que non se cabería nas aulas, posto que o número de prazas mantense.
- Actualización da web, xa que existen erros moi significativos.
- Proposta de envío dunha instancia ó vicerrector para que abra polas noites antes dos exames a biblioteca.
- Proposta dunha tarxeta de estacionamento para os estudantes.
- Proposta de pensar unha solución para a redución das cotas nas residencias.

Comisión de marketing e finanzas

- Débense 37€ en material.
- Débense 125€ polo hotel, o almorzón e o voo a Carlos Taibo
- Débense 48€ do billete de Mundo.
- Débense 235 € pola viaxe de Raparelli e Güidou ou 190 € pagando eles o restante.
- Ábrese o debate acerca de non pagarlle toda a cuota a Raparelli, porque a súa visita era indispensable xa que tiña que tiña que ir dar unha conferencia a Vigo. Propostas:
 - Pagarlle soamente 100 €
 - Pagarlle 115 €
 - Pagarlle 60 €, a metade da viaxe.

- Votación: 4 a favor de 100, 1 abstención e 5 a favor de 60 €. Decisión de volver a votar xa que non hai a suficiente maioría de tres quintos.
- Na nova votación aprobábase pagarlle 60 €, por unha maioría simple, cunha distribución de votos idéntica á anterior.

En total débense, aproximadamente, 280 €.

Comisión de Bolonha
Non se reuniu.

Comisión de Formación
Non se reuniu

Comisión Cultural

- Seguen traballando nas propostas explicadas nas actas anteriores.
- O mércores 11 proxectarase a película Stalingrado, dentro do ciclo de cine.

4. Eleccións

- Aprobación de presentarse ás eleccións por unanimidade. Propostas:
 - Facer unha eleccións primarias de onde saian 8 candidatos, e non 12, para non dividir votos.
 - Votos a favor: 9
 - Abstencións: 1
- Ábrese o debate de que os voceiros que sexan representantes da assemblea e que saian eleixidos, teñan que ser fieis á liña de actuación da propia assemblea.
- Creación duns buzóns, repartidos por cada aula, onde se recollan as propostas dos estudantes.

5. Varios:

- Lectura das enquisas que fixeron o último día do curso e balance xeral de todo o curso.
- Revógase o cargo de responsable informático ó departamento de marketing.

Levántase a acta ás 22:47.

Convócase a próxima assemblea o martes 17 ás 20:30. Moderador: Ricardo. Auxiliar: Dani Baz. Toma de acta: Alba.